



Recomendación ao Concello de Vilagarcía de Arousa, para que respectando a autonomía local considere a posibilidade de elaborar un inventario municipal no que se avalíen a totalidade das árbores urbanas, planifíquense as correspondentes tarefas de mantemento e conservación, axilizando a elaboración dun plan de xestión do arbolado, valorando a inclusión das propostas expostas e determinando as zonas de risco e as medidas para adoptar, todo iso, garantindo a seguridade da contorna, os dereitos da cidadanía á vida, á saúde e a un medio ambiente adecuado

Expediente: C.8.Q/3744/22

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2022

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciamos esta actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo, tras ter coñecemento da caída dunha árbore no parque de A Concha, no Paseo Marítimo de Vilagarcía de Arousa o pasado día 1 de xuño de 2022.

#### ANTECEDENTES

Ante iso requirimos informe a ese concello, que nolo remitiu o 21 de xuño ( R.E. 7648/22) no que sinala:

“- En torno ás 12:40 h do día 1 de xuño, temos comunicación da caída dunha árbore no Parque da Concha, instante en que tanto os servizos de Emerxencias coma de Parques e Xardíns se trasladan para posible asistencia e valoración "in situ" do episodio acaecido. O Parque da Concha é de titularidade da Autoridade Portuaria de Vilagarcía, aínda que o mantemento ordinario corresponde por convenio ao Concello de Vilagarcía de Arousa.

- Unha vez no lugar, e comprobado que non houbo danos persoais, conséntase a presenza de tres persoas nas proximidades do exemplar no momento da caída do mesmo.

- O exemplar caído é un Pino manso (*Pinus pinea* L.), duns 29-30 anos de idade, ao cal en seguimentos ordinarios habituais non se lle detectaron anomalías potenciais que puideran dar lugar a risco algún de rotura, nin de ramas nin de corpo principal. Do mesmo xeito, compróbase que unha vez caída a árbore, e mentres se procede á súa tala en porcións para a retirada dos restos, que en absolutamente ningún dos cortes efectuados ao longo do tronco principal, este presentase a máis mínima anomalía, defecto ou indicio algún de presenza de enfermidade no mesmo. No caso da raíz, a nivel visual non se aprecian síntomas de presenza de fungos, en particular de *Armillaria mellea* (fungo con grande presenza en especies arbóreas), polo que se realiza recollida de mostra da mesma para a súa análise en laboratorio (Estación Fitopatolóxica do Areeiro).

- O día seguinte á caída deste exemplar, técnicos da Autoridade Portuaria de Vilagarcía póñense en contacto ca empresa Arbogal, unha das empresas especializadas con maior prestixio do sector, para a avaliación do exemplar caído e inspección do resto do arborado deste espazo.

- Por parte dos servizos municipais, compróbase de xeito habitual a presenza de pragas e/ou enfermidades tanto no arborado coma no resto de especies vexetais que configuran os espazos verdes da vila.

- No caso particular do arborado, o seguimento ordinario baséase ademais na inspección/avaliación visual de copa, tronco e base do exemplar, sempre nesa orde, co fin de detectar anomalías e/ou defectos a nivel morfolóxico (estrutura) ou fisiolóxico (actividade da planta) que puideran afectar á integridade da árbore e, polo tanto, á seguridade do entorno.

- No caso en que algún exemplar presente anomalías de tipo estrutural ou fisiolóxico que se considere requiran un estudo máis pormenorizado a través da inspección instrumental, mediante emprego de resistógrafo ou outras técnicas específicas, os Servizos Municipais requiren habitualmente dos servizos da Estación Fitopatolóxica do Areeiro, dependente da Deputación de Pontevedra, ou ben doutras empresas especializadas na área.

- A inicios do mes de novembro, os servizos municipais realizaron actuacións extraordinarias (preventivas e correctivas) en tres das alamedas máis antigas de Vilagarcía de Arousa, como consecuencia dun estudo pormenorizado previo requirido polo propio Concello (procedemento habitual que referimos anteriormente), en primeira instancia á Estación Fitopatolóxica do Areeiro e posteriormente á empresa especializada Arbogal, Actualmente, Arbogal está a executar a colocación de sensores dinámicos para mellorar a seguridade nestes espazos.

- Do mesmo xeito, o 29 de abril de 2022, técnicos da Estación Fitopatolóxica do Areeiro visitaron a instancia dos servizos municipais o Parque da Compostela, no mesmo Paseo Marítimo, a poucos metros do Parque da Concha, como consecuencia da afección dun exemplar de eucalipto, que finalmente necrosou como consecuencia da presenza na raíz do fungo *Armillaria mellea*. Este espazo xa foi revisado en diferentes ocasións pola EFA, de feito identificaron presenza de *Armillaria mellea* no ano 2009. As medidas preventivas levadas a cabo polos servizos municipais traducíronse nun estancamento na evolución deste fungo e polo tanto nunha leve melloría no estado sanitario deste espazo. Xa a finais do ano 2021, ao abeiro das actuacións realizadas no mes de novembro, quedaron emprazados posteriores traballos de inspección/seguimento noutras áreas verdes ou exemplares visitados pola empresa que puideran ser susceptibles de afeccións sanitarias ou estruturais que precisaran doutras metodoloxías ou inspeccións instrumentais.”

## ANÁLISE

Á vista do contido do informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

1.- Todas as cuestións xerais relativas ao coidado das zonas verdes situadas nas nosas cidades, pobos e vilas, son de especial interese para esta institución, posto que tal coidado reflíctese directamente na calidade ambiental dos nosos municipios e, en consecuencia, incide na saúde da cidadanía. É por iso que o arborado urbano constitúe un elemento fundamental polo que a súa xestión cómpre ser abordada de xeito específico e profesional.

O coidado do arborado, a planificación e o desenvolvemento que se realiza polas administracións responsables dos traballos de poda e de tala a executar, ten efectos na saúde xeral do mesmo e na eventual perda de exemplares. A saúde vexetal das árbores, estaría vencellada pois, á planificación e execución de plans de xestión e mantemento.

2.- O arborado situado nas contornas urbanas atende esencialmente á unha utilidade social e a súa plantación realízase co fin de aumentar o benestar das persoas residentes na poboación. Entre os seus beneficios atópanse os de brindar sombra, refrescar o aire circundante mellorando ostensiblemente a calidade ambiental na súa contorna, producir osíxeno, regular a humidade ambiente, diminuír ruídos, atenuar ventos, reter partículas sólidas e os xermes ambientais, embelecer as vías de tránsito, ou reter a auga de choiva e moderar os seus efectos indesexables. Por iso, semella convinte que os plans de xestión municipais aborden tres aspectos básicos:

- Inventario (avaliación das árbores existentes para poder planificar as tarefas de mantemento e conservación)
- Protocolo de actuación para conservación e mantemento (plans de poda)
- Plans de xestión de riscos e perigos a efectuar sobre a base do inventario do arborado elaborado

No que atinxe, á avaliación do arborado existente, a elaboración dun inventario xeral dos exemplares do arborado existente, serve non so para coñecer o seu estado, senón que tamén contribúe á planificación das tarefas a executar para o seu mantemento e conservación para a diagnose preceptiva antes de realizar novas plantacións e axuda así mesmo a establecer os programas ou plans de renovación e de seguridade.

Así pois, a elaboración dun inventario destas características é unha tarefa ardua e progresiva, pero básica e esencial para efectuar unha xestión moderna do arborado.

3.- Os espazos arborados das vilas, constitúen como sabemos, un punto de encontro da veciñanza, tanto da infancia que acode a xogar, como dos maiores que alí se reúnen, pasean, falan ou realizan múltiples actividades de lecer e relación cidadá.

4.- Cómpre lembrar que as principais labores a efectuar para a adecuada conservación e mantemento dos elementos do arborado urbano pasan pola elaboración de directrices que atendan principalmente aos labores de rego, poda, actuacións no entorno do arborado, e transplante, entre outras.

5.- Con posterioridade á incoación desta investigación de oficio pola caída dunha árbore o 1 de xuño no Parque da Concha, o 14 de xullo tivemos coñecemento polos medios de comunicación, que dúas árbores máis, caeran en Vilagarcía de Arousa. Unha delas estragou un vehículo na rúa Moreira Casal e a outra caeu na zona de A Coca.

6.- Segundo consta no informe remitido polo ente local no curso desta investigación de oficio, o concello efectúa seguimentos ordinarios a fin de detectar anomalías e en novembro do 2021 os servizos municipais realizaron actuacións extraordinarias en tres das alamedas máis antigas da vila. Tamén en abril do ano en curso técnicos da Estación Fitopatolóxica do Areeiro visitaran o Paseo Marítimo nas inmediacións do Parque da Concha onde o 1 de xuño caeu a árbore que motivou o inicio desta investigación de oficio.

7.- Dito canto antecede, é preciso significar, que a intervención dos servizos municipais ten que ser diferenciada e adecuada á particular situación do arborado no relativo ao mantemento e plan de regos, toda vez que os plans de conservación deben contemplar os principais problemas de conservación do arborado, plantexando as iniciativas e actividades que semellen máis oportunas cunha axeitada programación no tempo.

8.- Todas as administracións públicas están obrigadas, no ámbito das súas respectivas competencias, a protexer os dereitos constitucionais da cidadanía (art. 53.1 Constitución Española). O artigo 103 da CE establece que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo con principios de eficacia con sometemento pleno á lei e ao Dereito.

O artigo 3.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público contempla entre os seus principios xerais os seguintes:

“ 1. As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía... e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e ao Dereito.

Deberán respectar na súa actuación e relacións os seguintes principios:

d) Racionalización e axilidade nos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión.

h) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.”

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar ao Concello de Vilagarcía de Arousa a seguinte **RECOMENDACIÓN**:

*“Que considere a posibilidade de elaborar un inventario municipal no que se avalíen a totalidade das árbores urbanas existentes na vila, se planifiquen as correspondentes tarefas de mantemento e conservación, axilizando a elaboración dun plan de xestión do arborado, valorando a inclusión das propostas expostas e determinando con presteza as zonas de risco e as medidas a adoptar, todo elo, garantindo a seguridade do entorno, os dereitos da cidadanía á vida, á saúde e a un medio ambiente adecuado”.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

PS (art.8 Lei 6/1984) María Xosé Porteiro García  
Adxunta á Valedora do Pobo